

Vai dar comenzo unha nova etapa parlamentar.

As forzas republicáns de oposición teñen unha gran misión que cumprir.

Chegou o intre en que cantos dín que están contra o espírito manarquizante e centralista das xentes de meseta o demostren con verbas e feitos.

# A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

## Ante o novo atentado á Autonomía de Catalunya, os galeguistas estamos ao lado da Nación irmán.

### ESPLENDOR NAZONALISTA

Nos intres que correremos, a historia do mundo amóstranos dúas facetas, opostas, antinómicas, defníitivas pra un futuro vivir diferenciado, ou pra unha vindeira morte asimilista.

O senso imperial do nazionalismo agresivo—Mussolini, Hitler, Mustafá Kemal—con greas de exércitos xuvenís intoxicadas con doutrinas dun espellismo malsano, por unha banda.

O senso histórico e natural do nazionalismo defensivo—Masarik, Gandhi, De Valera, Macía—con avangardas lediceiras de mozos—mozos vibradoiros, ergueitos, espiuás, románticos, dispostos a todol-os sacrificios pol-o ideal—por outra.


Atopados de fronte, nazionalistas antinaturás e agresivos, cós nazionalistas verdadeiros, defensivos, os camiños sítense colmados de dúbidas, desourenados, incoñtidos. Máis, pese a todo, a batalla cotián, o guerrilleo diario, dos pequenos pobos, das nacións auténticas, conquíren a cada novo intre unha victoria que necesariamente redundará en perxuro das conceicións feixistas que andan a plasmarse en sistemas burdos por Europa adiante, perdéndose, afundíndose, traicíoándose.

E os mozos nazionales das nazionalidás escravizadas, deitan xeitos revolucionarios en todo momento contra do Estado opresor.

Alento de vidas xuvenís sacrificadas n-istes derradeiros tempos pol-as liberdades das súas Patrias.

¡Mozos, irmáns, de Galiza! Xa non son as mocedades de Irlanda, nin os sókolst checos, nin as milicias hindús, nin os mendigochales vascos, nin os grupos de «nosolros sols», en Cataluña. Son as mocedades da Breaña francesa que voltan a rexurdir de novo, son os xóvenes *tunecinos* que acaban de tinguir co sangue nas rúas de Túnez, o seu primeiro xesto independentista.

Outro exemplo, a seguir por nós, agora, hoxe, mañán e sempre. Compre que Galiza pra que reviva de novo, pra que conquira a súa antiga, íntegra liberdade, se decate d-unha verdade que xa praiticaron e siguen praiticando os outros pobos que loitan tamén pol-a súa redención: O sacrificio dos seus patriotas. A persecución, o cárcere, os ataques e os vexámes do centralismo ás nosas persoas deben de templar o futuro da propia liberación.



Concíbense o nazionalismo catalán, o vasco, o galego, incluso o de Castela. Teñen razón de ser: unha lingua, un espírito, unha cultura, unha economía.

Pero ise nacionalismo «español» inventado por Albiñana é algo tan pintoresco, grotesco e ridículo como o seu inventor.

¡Algo así como ise «españolismo» das películas norteamericanas, que tanto nos ten feito escachar de rir!

\*\*\*

¡Qué conceito se vai formar d-un Goberno central que destitúe a todol-os Concellos vascos, pon multas a feixes aos de outros pobos que se solidarizan co-aquiles, e anuncia a todol-os ventos que tres «nacionalistas albiñánicos» de Burgos lle mandan un telegrama de protesta contra Vasconia e Cataluña!

Soio a mentalidade de cabazo do Salazar Alonso pode enfonchase de semellante ridículo.

Pero, ¿non se decatan de que iso, de puro cómico, xa non lle gusta nin ao baturrisimo D. Royo?

\*\*\*

Sabemos que en certa cuchipanda habida no Tecla—a conta dos fondos provinciais, naturalmente—con motivo da chegada d-un Director xeral ocurriéron cousas graciosas.

O punto máis outo da conversa co ilustre visitante foi pol-o principio, adicándose o estado maor emiliánico a pór verdes aos galeguistas, que, pol-o que se vé, somos a súa «pesadilla».

Despóis... O que ocorreu despóis no é pra contalo. Dende casi comer cos dedos e beber a morro, ante afirmacións de D. Emiliana, de «iso botámolo abaixo», «a ise chimpámolo», etc., hastra falarlle galego arreo ao ilustre visitante, que presenciaba o espiatículo con discreto asombro, non fallou ren...

¡A probe provincia de Pontevedra está eisi de representada e pasa pol-os maores ridículos! Pero pra iso soporta ao ilustre expulsado das Constituintes.

\*\*\*

Certo comerciante tudense a quen algún amigo piadoso lle pagou unha subscripción trimestral do noso Semanario devólvenos o primeiro número que lle remitimos co ista lenda «lo *debuelvo* porque seguindo las enseñanzas de mi padre soy unitario».

Non podemos complacelo no de non seguir mandándolle A NOSA TERRA namentras non remate a subscripción que lle pagaron ao seu nome. Pero podemos en troques facerlle o favor de lle advertir que o verbo castelán *devolver* escríbese con dúas uves.

Decididamente, parécenos que lle convén seguir lendo detidamente o noso Semanario.

\*\*\*

A carta publicada por «El Socialista» atribuída a Emiliano, Basilio e Rey Mora certo «negocio» pouco limpo, produxo un revoeo tremendo.

Pode que as acusacións non seían certas, pero non se poderá negar que os tipos están moi ben escollidos.

O presidente d-ise goberno central que non é mais que o monifate que Xil Robles, Lerroux, Salazar Alonso e comparsa moven ao seu antoxo, quixo probar a súa «gallardía» respondendo c-unha intemperancia inoportuna ao escrito en que o diño presidente da Generalitat saíu ao paso do novo atentado que se quería perpetrar contra da Autonomía da Nación catalana.

Cantos se sintan identificados co espírito do 14 de Abril que plasmou na Constitución da República o impulso dos Pobos peninsulares reconocéndolles o dereito á súa Autonomía, teñen de estar como nós ao lado de Catalunya.

Republicáns galegos: urxe emprender a cruzada de reconquista da República contra dos que a están prosituindo e cubrindo de lama. Con nós, e ¡¡ADIANTE!!

XUSTO HOMEAXE

### Á EDITORIAL "NÓS"

Convocados por Otero Pedrayo, o día 7 xuntáranse en Compostela todol-os colaboradores da Editorial «Nós» pra lle render ao seu propietario, o noso irmán Anxel Casal, o homeaxe de gratitúde que merece a importante obra patriótica que ven de enrolando.

Ben o merece quen, como Anxel Casal, consagra unha vida e todol-os seus esforzos á publicación de libros galegos; quen, como il, en varios anos de laboura, constante e decidida, leva impreatado máis de cincuenta libros das principais figuras da cultura auténticamente galega.

Poucas veces se terá rendido a ningún patriota homeaxe máis xusto e oportuno, porque coincide co esforzo, verdadeiramente admirábel, que «Nós» acaba de facer lanzando xuntos ao público os catro libros ínter-santísimos de Castelao, Otero, Vilar Ponte e Carballo Calero.

Xa responderon ao chamamento de Otero varios colaboradores. De certo que o día 7 en Santiago non fallará ningún.

A NOSA TERRA, querendo sumarse a este homeaxe de unha maneira eficaz, fai un chamamento a todol-os seus leitores dirixíndolles iste prego: que cada un d-iles merque antes do día 7 un ou varios libros galegos na Editorial «Nós» subscribindo pra elo o boletín que vai ao pé.

Así renderán ao irmán Casal e á súa obra o tributo de admiración, axuda e agarimo que sen dúbida estimará máis.

D. . . . . de . . . . . de 1934

### VIAXANDO POR GALIZA

Ao fillo de outra nación oprimida que n-istes intres recorre as boas, acolledoras e farturentas terras de Galiza, non pode fuxirle o feito gratísimo d-unha outa resurrección do espírito nazional galego.

Aquí sí e ali tamén, sucédense espontaneamente as clarieiras reveladoras d-ista resurrección, con detalles de subido valor. O matiz sinificado, con que a impulso d-unha numerosa masa popular, se celebraron, por primeira vez quizaves, as festas de Santiago, é de unha elocuencia innegábel. E que iste matiz non pode conceptuarse como un feito casual intrascendente, sinón coma froito de emocións novas, máis fundamente sentidas, comprobámolo máis tarde ao relacional-o coa profusión de bandeiras e outros atributos patrióticos que vimos ostentarse orgullosos da súa exteriorización, particularmente en algunhas cibdades como Ourense e Pontevedra, onde é doado ver o arraigo d-iste movemento. Pra máis arrequieimento, istas manifestacións son rubradas mañificamente pol-as masas con reaccións espontáneas que non deixan lugar a dúbida, como a de Sant-Yago frente a un *viva España* fascista, e a protesta abufinada en varios sitios contra os que non rendían o seu tributo de respecto ao himno da Terra.

E a proba xugosa i-espranzadora da sementeira, aínda en flor, dos bos patriotas que escomenzaron a reconquista, é que hachou terra de fondo onde botar forte raigaña.

O galego empeza a sentirse galego. I-este feito, comparábel ao de un vello que milagrosamente tornase á mocidade, é decisivo e trascendente. Pois a liberdade d-un pobo non ven a ser outra cousa que a consecuencia da súa resurrección espiritual.

Pobo con espírito propio, é pobo conocedor dos seus dereitos, da súa razón e da súa forza. Poderá ser un enxaulado tras dos barrotes de ferro coma un león, pero nunca esclavizado coma un can de palleiro que perdeu a lembranza do seu orixe e a conciencia do valor das súas virtudes.

A Nazionalidade galega vive, porque vive o espírito do pobo, que é a lingua. E Galiza non deixou nunca de falar galego. Quizaves o falase baixiño, escondida e con tal vergonzá que apenas a escoitou ninguén. Máis tamén por iso mesmo, quizaves viva.

De calquera maneira, xa están postas as primeiras pedras. Galiza, tarde ou cedo, será libre. Agora depende das circunstancias e do esforzo dos seus fillos.

Non esperedes axuda de ninguén. O porvir da nazionalidade galega depende do imperio esclusivo da vosa vontade.

¿Autonomía? ¿Federación? ¿Independencia? O pobo dirá co tempo a verba derradeira.

Espéranvos, eso sí, días de loita, días duros de persecución e sufrimento. Días de sacrificio en que tende pórsese a proba a varilidade de espírito da rexá raza celta. Sodes agora ingre, e seredes mazados sin piedade, e pedirase por cen bocas o voso exterminio.

Non importa. Algunha vez seredes martelo. ¡Sin duda! Pra entón xa saberedes o que vos compre.

É un modesto consello vasco. Recibídeo-o con unha aberta de Euzkadi.

J. DE ETXABE

Vilagercía 23-9-934.

### Por unha Semana Agraria

«Ao Sr. Presidente do Círculo Mercantil e Industrial de Santiago.

Perdoe que sexa eu, o que insínúe a necesidade d-unha aitividade nova, pero urxente, dentro do roteiro de labours xenerosas que se ven impoñendo esa Sociedade co aprauso quente de cantos a ela pertencemos.

Pero eu non teño a culpa de que en Santiago non houbese aínda tido nacemento un «Sindicato local de iniciativas» ou agrupación de este xeito, integrado por homes de boa vountade, que teña un degoiro constante e infatigábel pol-a engrandecimento do noso pobo compostelán e da nosa Patria galega.

Tampouco é culpábel o Círculo Mercantil, que tantas e tan loables inquedanzas nos amostra a cotío no orde da cultura e do progreso, de que outras entidades, esquecendo os seus deberes máis sagros, durman perenemente o sono aborrecíbel i-estúpido da indiferenza; pero él ten a obriga de avencellar nas súas preocupacións primordias a de vixiar o noso progreso local identificado coas nosas tradicións e meios de vida naturais.

Si as vilas do litoral teñen que vivir forzosamente cara ao mar, debruzados no tesouro das súas rías e ollando de cote as infundas roitas mariñeiras, Santiago, centro xeográfico e espiritual da Galiza, berce lumioso da cultura, arrodeada de mahías e pobos esencialmente agricultores, ten que preocuparse pol-o que significa o celme da súa vida material: o Agro.

Obrigado por unha fonda emoción galega e por un outo senso dos meus deberes de compostelán, poño nas suas mans de amigo e galego cons-

Fica decote seu e da Terra,  
M. BEIRAS GARCÍA.

RG-106/1  
Compra

# Aktividades do Partido

Grupo Femenino de Ourense

## Un chamamento ás mulleres galegas

As nosas irmáns galegas dirixímonlle un saúdo e ao mesmo tempo as animamos e rogamos que lean con amor esta carta e pensen un pouco nos seus párrafos.

Sabemos que son moitas as donas galegas que teñen falado da nosa decisión ao orgaizarse en Ourense un Grupo Femenino Galeguista e algunhas teñen loubado a nosa boa idea. ¿Por que non vos xuntades, como nós o temos feito, se levades dentro ise anxeio que sentimos as donas galegas de poder vivir n-unha Terra ceibe, que hoxe está enlizada pol-a ambición de xentes que non sinten coma nós, nin falan como nós, nin n-ela disfroutan como nós, porque a descoñen e nos caloñan e persiguen sen nos escoitare? ¿Cecais teñen medo de que as convenzamos? Pode ser. Certamentes, son un impedimento pr'as nosas arelas que son ben fidalgas e desintresadas.

Por iso, ousamos dar iste paso coa seguranza de que non vos demoraredes en seguir o noso eixemplo, formando un Grupo Femenino, e, podendo, con meirande número de afiliadas que eiquí. Somos arredor de medio cento na cidade e sabemos que se están orgaizando outros Grupos nos pobos da comarca.

¡Adiante, mulleres patriotas da nosa Terra. Todo por Galiza, sen importartvos que comentarán os vosos aitos e que poidan censurarvos. Como se trata de traballar pol-a nosa Patria, podedes levar a fronte ergueita e por elo sentiredesvos orgullosas ao igual das vosas irmáns de Ourense. Adiante, ¡TERRA A NOSA!

A Presidenta,  
Celia Bouza

A Segredaria,  
Mercedes do Campo

## Segredaría de Orgaización

CUOTA EXTRAORDINARIA

Foi liquidada xa pol-os seguintes Grupos:

Vigo.	250'00 pesetas.
Vilagarcía.	75'00 »
Ponteareas.	25'00 »
Ourense .	140'00 »
Ferrol .	52'00 »
Portela-Córgomo	8'00 »
A Cruña .	59'00 »
Pontevedra	64'00 »
Rianxo .	34'00 »
Total.	707'00 »

COUTAS ORDINARIAS, VENCIDAS

Liquidaron, asimesmo, a súa os Grupos seguintes:

Ourense (xaneiro a marzal inclusive).	53'80 pesetas.
Sta. Cristina de Vilariño (id. id.) .	10'50 »
Soutolongo (deica abril).	3'70 »
Delegación de Ponteareas (ano 1934).	25'00 »
Vilagarcía (deica maio).	26'25 »
Bayón (deica maio).	3'80 »
Ferrol (1.º semestre).	69'70 »
Santiago .	126'50 »
Redondela .	15'00 »
	334'25 »

Recórdase aos Grupos a conveniencia de que vaian liquidando sa cuotas que lles corresponden con arreglo ao número de irmáns cotizantes, pra evitaren as dificultades de pago que representa a acumulación das mesmas.

## LALIN

A falla de espacio non nos permitiu dar deica agora a referencia d-unha simpática festa galega, orgaizada polo Casino d-ista vila, que é un novo índice do progreso que a galegüidade vai abranguendo en todol-os lugares.

Celebrada n-unha noite de sábado tivo o atractivo de que todo n-ela había ser galego: a cea, a música, os bailes e tamén a lingua, pois era condición expresa que os invitados non fálasesen perante a festa outra lingua que a da nosa Patria.

A ista festa simpática e agradabilísima, que foi amenizada por «Os Dezas», concurriron máis de 80 invitados.

O corresponsal que da a noticia d-ista festa que case poidéramos chamar da Patria fai os seguintes comentarios:

«Había que ver ás nosas fermosas doncelas falando a nosa lingua, bailando os nosos bailes e cantando a coro cos gaiteros. Todo cheo de engado.

Festa simpática e de leda lembranza.

## BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

Capital suscrito . . . . .	PESETAS 17.000.000,00
Capital desembolsado. . . . .	» 11.000.000,00
Fondo de reserva e fluctuación de valores. . . . .	» 15.406.658,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :-: 36 SUCURSAES EN GALIZA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE XULIO DE 1933:

A VISTA . . . . .	2 1/2% ANUAL	A SEIS MESES . . . . .	3,60% ANUAL
A TRES MESES. . . . .	3% »	A DOCE MESES OU MÁIS. . . . .	4% ANUAL
CAIXA DE AFORROS . . . . .			3,50% ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DENDE 20 PESETAS AO ANO

Compra-venta de moeda extranxeira :-: Depósito de valores, cobro de cupóns e demais operacións de Banca e Bolsa en España e no Extranxeiro.

GALEGOS:

Leede e propagade

### “A Nosa Terra”

## PROPAGANDA

Aplazamento gubernativo

O estado de alarma decretado polo Goberno central ven novamente a poñer un compás de espera nos proieitos que sobor da nosa propaganda tiña o Comité Executivo e foran xa aprobado polo Consello.

Seicións de Prensa

Imposibilitados, pois, pra desenvolver a labouira que estaba preparada, a Segredaría de Propaganda aconsella aos nosos Grupos que consagren todal-as súas actividades á labouira de proselitismo e a formación de Seicións que teñan ao seu cargo a colaboración dos irmáns na Prensa da localidade e contornos, pra ir introducindo n-ela as nosas ideas.

Ista idea que xa foi acometida por algúns Grupos e Mocidades merece pol-a súa importancia i-eficacia a atención de todal-as dereitivas e irmáns.

Folla mural do G. de Vilagarcía

A Segredaría prega aos irmáns de todol-os Grupos presten o seu máis decidido apoio a ista iniciativa do Grupo vilagarcían, de que se dá conta en outro lugar.

¿Sancións gubernativas?

Dícennos que o Grupo de S. Miguel do Campo e a Sociedade Agraria de Buxán foron ameazadas pol-os Gobernadores de Ourense e A Cruña, respectivamente, con multas pol-os aitos derradeirairamente celebrados polos mesmos, nos que interviñeron propagandistas nosos, que censuraron —claro está— a conducta do Goberno central.

Pero, ¿é posíbel que a tal extremo teñamos chegado n-ista República que están de tal maneira desnaturizando os «radicales»?

O Comité sigue estes incidentes con intrés, pra proceder en consecuencia.

za. Por algo comenza a eisaltación racial».

\*\*\*

Velahí un novo exemplo a imitar por todal-as nosas Sociedades de Recreo. Velahí unha dereitiva con senso da realidade ambiente e da súa misión.

¿Non é cen veces mellor unha d-istas festas, completamente nosas, que isas cenas americanas, bailes de mantóns de Manila, e tanta outra imitación allea, que se dan de couces coa nosa maneira de ser e que endexamais terán carta de natureza antre nós?

As

conservas

galegas

de peixe

son as

mellores

do mundo

Os Galeguistas pararan en Sant-Iago no

“Hotel Europa”  
DE RAMON MORANDEIRA

Iniciativa e chamada

## “VERBO”

O Grupo de Vilagarcía de Arousa acordou fundar, redaitar e sufragar unha folla mural periódica que levará por título VERBO, primeiro xornal diste xénero que se publica na Iberia.

Será do grandor d-unha páxina de xornal —0'70 x 0'50— e o seu texto, en letra grosa, comporan-o párrafos sintéticos e fortes, nos que se eisaltará o sentimento nazonal galego, destacando os acontecementos do mes que intresen a iste obxeto.

Cada número levará unha ilustración de un dos nosos artistas. VERBO sairá o primeiro de cada mes, e terá de ser fixado en todol-os corrunchos do País, preferentemente nas aldeas e vilas.

Para isto último, acudimos por medio de A NOSA TERRA, a todos cantos poiden simpatizar co ista idea, pedíndolles a seguinte colaboración:

A designación d-unha persoa sería como corresponsal, a poder ser en cada parroquia e vila da nosa Terra, que se encargue de recibir o xornal e fixalo, pegando-o nos curros máis frecuentados —no adro da eirexa, peirán, estación do ferrocarril, central dos autos de liña, feiras, etc.— dispoñendo, a ser posíbel, unha táboa feita adrede e fixa nun lugar céntrico, onde de cote se poida ler o noso xornal.

Os corresponsals comprometeríanse a vixiar os lugares en que tivesen fixado o xornal, para repoñel-o en caso de que fose arrincado.

Ista é a axuda que precisamos pra pór en obra a nosa iniciativa. Coidamos que debemos contar coa colaboración de todol-os patriotas, en especial dos mozos da F. M. G., a que esperamos nos confirmen, escribindo a iste efecto ao noso Presidente, Rosalía de Castro, n.º 28, Vilagarcía (Pontevedra).

¡Ei, Terra!

O G. DE VILAGARCÍA.

## DE MELIDE

UNHA ACLARACIÓN

No número antepasado, fixémonos eco da referencia que nos fixera un irmán é censurábamos o feito—de ser certo, vergonzoso—de que a banda de Melide non soupese tocar o noso Himno Nazonal.

A NOSA TERRA lese en todol-os corrunchos de Galiza, e o noso solto produxo o seu efecto. Con data 21, recibimos unha extensa carta do Perito Agrícola Xoaquín Pena Rois, subscriptor do noso Semanario, na que nos da unha explicación do ocorrido.

Resulta agora que o Director da referida banda, Sr. Otero Val, ademais de ter no seu repertorio o noso Himno é autor de máis de media ducia de obras galegas, de nomes tan enxebres como as muiñeiras «Pra despóis do rezo» e «Os de Melide na rúa» e pasodobles como «Terriña a nosa» e «Hai festa na carballeira».

O ocorrido é que o Sr. Otero Val, según nos dí o noso informante, te-

mía que as xentes, xa alegres coa festa, non escoitasen o noso Himno co debido respecto, e considero que o máis prudente era decirlle ao irmán que llo pideu que o non tiña no seu repertorio.

Ben. Conténtanos a explicación polo que implica de respecto pra o Himno da nosa Patria.

Agora ben; xa que o Sr. Otero Val demostra nas súas obras e nos seus pensamentos ser un bo galego, nós hemos de decirlle que se en todal-as aituacións da súa banda empezasen e rematasen co noso Himno, facendo que pra tocalo se descubran os seus músicos e dándolle toda a solenidade debida—como fan os de Pontevedra e outras bandas—temos a seguranza de que as xentes, calquera que fose o seu estado de alegría, o escoitarían con respecto.

E o Sr. Otero Val, cos seus músicos, rendería á nosa Patria galega o servicio que de todol-os seus bos fillos—como il o é ao parecer—demanda a nosa Terra.

## IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMEDAD E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construcións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e folietos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

SI QUEREDES XANTAR BEN IDE A

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

CAFÉ

GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

VIÑOS FINOS DE MESA Viños PARRAS

(MARCA REXISTRADA)

Edmundo Parras

Bodegas en Valdeiglesias

Almacéns } A Cruña: Franxa, 8.—Teléf. 26.  
} Ferrol: Sol, 33.—Teléf. 146.

# Galiza recoñecida como Nación en Berna

Damos hoxe remate ao intresantísimo informe, redactado polo ir-mán Vicente Risco, con que o nazionalismo galego fixo a súa presentación no Congreso de Minorías Nazonas de Europa fai agora un ano.

## VI

### Os aranceles

Vese isto mais claramente no desamparo en que se atopa a produción galega e nos danos que toda a nosa economía sofre.

Galiza que ten que importar graos, carbón, ferros, tecidos, maquinaria e outros produtos elaborados, atopa que, pola protección arancelaria que o Estado hespañol dispensa aos outros países da Hespania, ten que adquerir todas estas cousas a preciosos moí superiores a como os pagaría se poidera traguelos de fora da Hespania. O noso País non pode intervir eficazmente na fixación d-estes precios, nen outar compensacións, porque no Parlamento hespañol os seus representantes teñen de estar de cote en minoría fronte aos dos Países favorecidos juntos.

### Os Tratados

En troques, non se dispensa mais que unha cativa protección aos seus produtos. Sendo os principáes que exporta o gando e o peixe, fresco ou en conserva, acontece o seguinte. Hay como cousa de meio século, Galiza exportaba parte do seu gando á Gran Bretaña, pagado n-ouro, en excelentes condicións; mais por mór do abastecimento da Hespania e as dificultades postas á importación de produtos ingleses—que á súa vez perxudica a Galiza—o mercado de Inglaterra ficou perdido. Era de agardar que en compensación non sería reservado o mercado hespañol. Mais non; axiña encomezaron os intentos e as autorizacións pra importar carnes conxeladas de América, e no intre presente non somentes se está tolerando a importación clandestina—repetidamente denunciada polos deputados galegos—senón que se trata de lle dar estado local c-un Tratado comercial coa República do Uruguay ao que sin dúbida seguirán outros en perxeizo dos intereses da Galiza e sin ningunha posible compensación pra o estado de fame que se está producindo na nosa Terra.

### As conservas

As conservas galegas ven como se deixan incumplir os tratados con outros Estados nos que obtiveran febles proteccións, que estaban de sobre compensadas, en perxeizo do noso País, cos precios excesivos a que temos de pagar as primeiras materias que a industria conserveira precisa. L-están perdendo os mercados de América, que non podería disputarnos ningún se Galiza disfrutando de plena soberanía poidese concertar tratados cos países consumidores a base da importación de graos, e non de carnes, como quere impórse nos, perxudicándonos dobremente.

### Os viños

Galiza é unha estesa zona produtora de viños, algúns de eiscelente calidade. A protección xeral aos viños hespañoles collía tamén aos viños galegos. Mais agora redactouse un Estatuto do viño, que, eisigindo determinados porcentaxes de alcohol, acidez, etc, inutiliza pra a venda a mór parte dos viños galegos.

### As madeiras

As madeiras galegas están ameazadas co posible tratado con Rusia, e o bloqueio de divisas nos países de América, por culpa d-unha protección que ademais nos perxudica, priva a Galiza dos xiros de amigrantes galegos, que viña sendo un dos capiduos mais importantes da nosa economía.

## VII

### Réxime local

Ja indicamos a inadaptação a Galiza do réxime municipal hespañol a as suas consecuencias. En realidade, as mais das funcións que lle eisigen aos axuntamentos son funcións delegadas do Poder central pra servizo d-iste mesmo. Outro tanto acontece coas chamadas Diputacións provinciais, que se supón representan ás provincias en que, artificialmente, se tallou o terreo galego, sen mais intención que a de uniformar e dividir, e que, en realidade, non representan mais que a política central imperante. Ademais, nen diputacións nen axuntamentos gozan de autonomía ningunha efectiva, senón que funcionan sempre ás ordas do Poder central.

### O centralismo

Polo xeral en todol-os asuntos administrativos compe sempre a resolu-

ción de Madrid ou dos seus representantes, e despois de trámites costosos, dilatorios e complicados, fundados na desconfianza, gana quen maor valimento tan nos ministerios. Aínda no que parez ser da eisclusiva competencia da administración provincial e local, áchase ista de tal xeito intervidada e controlada polo Poder central e a súa política que a acción d-ista, movida polos que n-ela teñen influencia, é de cote decisiva.

A política imperante en Madrid move dende o poder todol-os resortes de tal xeito que non somentes maneja toda a administración e a política galega, senón que imposibilita que Galiza poida ser unha política propia, como precisaría.

### O caciquismo

No tempo da restauración borbónica, principalmente, á sombra da política centralista, entronizáronse na Galiza poderosos cacicatos que acapararon toda a vida do País; que dispuxeron da administración, da prensa, da política, do ensino, etc. Toda acción de cidadanía, de liberdade, de reivindicación dos dereitos colectivos e individuais paralizouse, presa na rede de ferro do caciquismo. A imprensa chegou a unha degradación vergoñenta, e Galiza converteuse n-un campo de esperimentación pra todol-os logreiros da política, que aproveitaban e desviaban todol-os movementos de rebeldía galega.

### A influencia allea

Galiza tivo, así, que vivir e pensar arredor de problemas alleos, importados polos políticos ou pola obra gubernamental de Madrid.

D-iste xeito, sin termos poboación industrial apreciábele nin gran capitalismo, chegou a nós o problema social, como chegou tamén o religioso ao noso País, donde houbo sempre unha grande tolerancia e respecto pra total-as ideias por parte das xentes—non así das autoridades e demais representantes do Poder central—e donde os pequenos grupos de protestantes conviven non ja pacificamente senón intemamente cos católicos.

## VIII

### O Folk-lose

No precedente, coidamos deixar ben establecidas as características nacionas de Galiza—terra, raza, idioma, cultura, estrutura social i-económica, psicología (nótese o idealismo, o senso crítico, o amor ao chan natal, tradición, e humorismo, a tolerancia religiosa, a familiar convivencia das clases), costumes jurídicos.

Non podemos entrar eiqú, unha por unha, nas manifestacións artísticas e folclóricas, antigas e presentes, que dan ao noso Pobo unha fisionomía tan fortemente acusada e tan diferente de total-as da Hespania.

### Difrenciación

Quen coñoza a obra dos artistas e dos escritores galegos, os nosos cantos e costumes populares, a nosa música, a nosa literatura popular, as mesmas supersticións, a nosa antiga arquitectura románica e barroca principalmente, non poderá por menos de notar a nosa fonda difrenciación, recoñecida xa hoxe polas millores mentalidás hespañolas. Aínda os menos propicios ao recoñecimento da nazionalidade galega, recoñecen ao menos unha regionalidade, unha chea de difrencias e de especialidades, non de cote comprensíbeles pra iles. Poderíamos eiqú aducir unha chea de testos de Unamuno, e Azorín.

### Conclusións

Deixamos tamén indicados algúns dos problemas fundamentais que a Galiza lle prantexa a súa especial constitución e mais a ingerencia do centralismo hespañol.

O nazionalismo galego pide no nome dos principios fundamentais de autodeterminación e de liberdade das nazonas, de dereito inmorrante dos pobos á súa vida, que se recoñeza a persoalidade de Galiza, que as suas características nazonas sexan respeitadas, que se lle dea liberdade pra construír co-elas unha cultura integral propia e engebre, que se lle dea poder sobre sí mesma pra ela resolver de seu o seus problemas da maneira mais axeitada ao seu modo de ser e mais beneficiosa pra a súa vida interna, pra a súa prosperidade económica e pra o seu desenvolvemento pacífico dentro e fora dos seus lindes naturais.

## IX

### Historia

Imos ver agora cál fei o desenvolvemento histórico da nazionalidade galega.

### Edade Antiga

Prescindindo dos tempos antigos en que as tribus galaicas se defenderon de Roma deica morieren heroicamente no Medulio os derradeiros mantedores da resistencia, teremos que Galiza formou, baixo dos reis Suevos, (409-588), unha monarquía independente.

Conquerida polos Wisigodos, istes tiduáronse reis dos Suevos, e confiaron moitas veces o goberno de Galiza, como reino aparte, a un dos fillos do rei (Recesvinte, Witiza).

### Edade Meia

Cando a invasión musulmana, a mór parte de Galiza mantívose independente deica Alfonso, o Católico, (711-742).

Os galegos mantéñense despois en casi permanente rebeldía contra dos reis de Asturias, guiados polos seus Condes; deféndense por si mesmos dos Mouros e dos Normandos; erguen ou reciben moitas veces reis aparte (Sancho Ordoño, Ordoño, Don García); exercen hegemonía cultural e linguística no Reino de León, sen deixaren de manter a súa rebeldía, chegando a ofrecer a crea de Galiza a Guillermo, o Conquistador, (1187); impoñen a León e Castela un gran rei (Alfonso VII); recadan as suas liberdades comunas coas armas; apoian aos reis de León Fernando II e Alfonso IX contra dos de Castela; renden homage ao duque de Lancáster (1386); ao rei don Fernando de Portugal (1369); desbotan o señorío do conde de Benavente (1455 e 1466); apoian á infanta Doña Joana, filla de Enrique IV, contra dos Reis Católicos, e néganlle a istes a obediencia (1480).

### Edade Moderna

Discútese cando Galiza perdeu o voto que tiña nas Cortes de León e Castela; se foi castigo imposto polos Reis Católicos, ou foi enantes, baixo os primeiros Trastamaras, por teren as nosas cidades e vilas deixado de seren realengas.

O caso é que, vencido o derradeiro rebelde galego, Mariscal Pardo de Cela, os Reis Católicos ajuntaron aos

representantes de cidades o vilas de Galiza n-unha Junta que houbera sido como unhas Cortes independentes. Mais anque Galiza foi tratada como Reino aparte por Carlos V e Felipe II, istes non xuntaron aquela sorte de Cortes galegas. No seu canto, funcionou a Junta do Reino de Galiza deica o tempo dos Borbóns.

Baixo Felipe IV, Galiza recobrou o voto en Cortes, mais aque o non valía de ren.

### Austrias e Borbóns

No tempo dos Asturias e Borbóns, Galiza reclamou constante e inútilmente atención para os seus intereses moras e materiás.

Cando a invasión napoleónica, os galegos defendéronse iles soíos, botando ao enemigo da sua Terra e ajudando á liberación da Hespania.

O réxime centralista, iniciado baixo dos reis da Casa de Austria, recibe un gran pulo co Conde-Duque de Olivares, ministro de Felipe IV, e logo co espírito uniformista francés introducido polos Borbóns. Consumase ao fin por obra dos liberás nas Cortes de Cádiz, que afogaron a nosa liberdade colectiva. Galiza desapareceu, ata nominalmente, como Reino, pra ser sustitida por catro provincias, coa denominación das suas capitás. Oficialmente, perdeu d-aquela incruso o nome.

### Renascencia

Mais despois da guerra da independencia contra Napoleón encomezou a renascencia galega. Ja dende moito antes os historiadores i-eruditos (Gánlara, Sarmiento, Feijóo, Cornide) tiñan defendido a persoalidade histórica e as glorias de Galiza, cuas cousas e cuos homes eran, dende o século XVI oujeito de burla e dispregio para os casteláns, como pode verse nos grandes escritores do chamado Século de Ouro.

### Faraldo

Encomezou o movemento en Compostela un fato de escritores románticos, entre os que destaca Antolín Faraldo, dende o ano de 1840, en sucesivos xornás que ali se publican en lingua castelán, o principal d-iles «El Poryenir». Faraldo comprendeu d-un pulo a necesidade d-unha reconstitución total da vida nazional galega.

En 1845, un movemento revolucionario liberal congrega en Lugo representantes de toda Galiza e ali Faraldo pon a discusión si Galiza debiera formar ou non un Estado independente, e perde por un voto. En 1846, entraba en Galiza unha rebelión militar que Faraldo, Segretario da Junta revolucionaria, trata de encamiñar polo viedro das reivindicacións galegas.

### Regionalismo

En 1855, aparez definitivamente o movemento que aínda non se atreve a chamarse senón regionalista.

Había tempo que os poetas volveran ao emprego da lingua galega, i-estudábase apaixonadamente a nosa historia, a nosa literatura antiga, a nosa arte, o noso folclor.

A revolución hespañola de 1868 trouxo grandes esperanzas. A autonomía de Galiza era defendida, aparte dos regionalistas, polos republicáns federás e aínda por moitos carlistas. Ela formou a base do Pacto Federal Galaico-asturián de 1869, siñado por representantes dos dous Países.

### A 1.ª República

Proclamada a primeira República na Hespania, o Concello de Compostela convocou a unha xuntanza, que se celebrou o 22 de San Xoán de 1873, na que se tomou o acordo de iniciar unha reorganización política de Galiza autónoma, pois agardábase a proclamación da República federal. Adheríronse moitos Concellos e deputados das Constituintes, nomeándose un centro directivo e preparouse un manifesto. A República federal non foi proclamada e aquela esperanza quedou n-unha nova deceición.

### A Restauración. Brañas

Chegou a Restauración borbónica e o caciquismo veu afogar aínda mais a Galiza. Pro non se detivo o movemento de renascencia nazional. Precisamente de 1880 a 1890 foi un tempo de grande aitividade editorial, no que xurdiron novos escritores que outiveron grande favor no público. Logo xurde un novo campión do regionalismo político: Alfredo Brañas, profesor da Universidade de Compostela, grande orador e fondo coñecedor da política e do movemento social da Europa. Seu libro EL REGIONALISMO (1888) tivo unha gran repercusión adentro e afóra de Galiza. Fundou unha asociación cuio presidente foi o historiador Murguía e fixose unha forte propaganda

### Solidaridad Gallega

En 1907, respondendo ao movemento de Solidaridad Catalana, gurgiu a Solidaridad Gallega, na que se agruparon os regionalistas. Despois d-unha loita eleitoral sen resultado—o cal espricase moí ben coñecendo o funcionamento da política centralista en Galiza—o movemento derivou cara ao agrarismo, celebrándose as sonadas Asambleas de Monforte e Ribadavia.

### Acción Gallega

A aquil movemento agrario siguiu o de Acción Gallega, tamén de matiz galeguista, e ao cal incorporáronse moitos dos que logo habían formar nas Irmandades da Fala. Acción Gallega ergueu imponentes masas de labregos que cometeron algúns atos de terrorismo con cobradores de foros e caciques, sen conseguir vencer a istes.

### As Irmandades

En 1916, fúndanse, por fin, as Irmandades da Fala, cuyo programa de acción foi o seguinte:

- 1.º Propagalo emprego da lingua galega.
- 2.º Conquerir pra Galiza unha ampla autonomía.
- 3.º Traballar pol-a solución de todol-os problemas colectivos e permanentes da terra gala.
- 4.º Traballar pol-a difusión da cultura científica, literaria e artística.
- 5.º Intervenir na política pra que ista se faga en proveito do pobo.

### A NOSA TERRA.—1918

Espalladas as Irmandades por toda Galiza, organizaron cursos de conferencias, esposicións de arte, veladas de teatro e música galega, concursos científicos e literarios, edicións de autores gallegos, folletos de propaganda e publicaron A NOSA TERRA. Realizaron despois unha excursión a Catalunya e fixeron un pacto cos regionalistas da Lliga. En consecuencia, despois de outra viaxe dos cataláns por Galiza, no que se puñeron ao seu dispór varias organizaçións, e xornás, fixose unha aitiva campaña de mítins e folletos, e na elección gerás de 1918 loitaron n-algúns distritos, obtendo votacións lucidas, anque fracasaron no objetivo.

### Asamblea de Lugo

En novembro de 1918, celebraron as Irmandades a súa primeira Asambleira, en Lugo. A súa doutrina chamouse, dende entón, Nazionalismo galego, e o programa ali votado é aínda, na esencia, o que propugna o Partido Galeguista, e que pode ser condensado d-iste xeito:

Autonomía integral de Galiza, correspondolle: todas as funcións administrativas, legislación social, réxime tributario, réxime bancario, xustiza, ensino, obras públicas e certos dereitos no referente a correios, telégrafos e camiños de ferro. Recoñecimento da persoalidade das parroquias. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán. Sustantividade do dereito foral galego. O Goberno de Galiza estará a cárrigo d-un Parlamento galego e unha Junta gobernadora composta d-un Presidente e seis segredarios ou ministros. As custións aduaneiras serían resoltas por concerto entre o Poder autónomo e o Central, salvo a ceibe importación de cereás. Declarábase accidental a forma de goberno, e abogábase pol-a federación e pol-o ingreso das nazionalidades ibéricas na S. de N.

A propaganda sigueu, e as Irmandades celebraron asambleiras anuais (Santiago, 1919; Vigo, 1920; Monforte, 1921 e A Cruña, 1922).

### A triple alianza

No 1923, xurdiu a idea da Triple Alianza Peninsuar entre os nazionalistas de Galiza, Euzkadi e Catalunya. As Irmandades mandaron a Barcelona dous representantes que siñaron un pacto cos vascos e cataláns nas vísperas do golpe de estado de Primo de Rivera.

A Dictadura detivo toda aitividade política. Así e todo, tratouse de conseguir a mancomunidade das catro Diputacións galegas, pra dar xiqueira a Galiza un organismo único que a representase, germe do recoñecimento da súa persoalidade. O intento fracasou.

### O S. de Estudos Galegos

En troques, foi fecundo o labor científico, literario e artístico. Fundeuse o Seminario de Estudos Galegos, que, ademais de impulsar extraordinariamente a nosa cultura nazional, sirveu de órgao de relación cos meios científicos extranjeiros. A concencia galega fixo

(Remata na cuarta páxina).

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA  
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

Mulleres, donas de casa, ¿queredes facer bon fregado, limpar mármoles, metais?...

Mecánicos, ¿queredes asegurarvos a limpeza das mans, quitándolle os aceites con que as luxades a cotío?...

USADE

JABOLIO

Fabricado no BARCO DE VALDEORRAS, por AMANCIO PRADA MARTINEZ

Para artigos de colro e viaxe:

Ninguén como TALABARTEIRA VEIGA  
Senra, 9.—SANTIAGO

**Redacción - Administración:**  
 Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra  
 SUSCRIPCIÓN: 3 pesetas semestrais. Pago adiantado.  
 Número solto: 10 cts.

# A nosa terra

semanario do Partido Galeguista

Año XVIII Galiza, 29 de Setembro do 1934 Núm. 350

**Declaración de principios do P. G.**

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

## Galiza, Nazón

(Ven da terceira páxina)

baixo da Dictadura progresos considerábeles. Mais as organizacións de caraire político esmereceron na inacción.

**O. R. G. A.**  
 Nos derradeiros anos da Dictadura, xurdiu unha organización republicana galega autónoma (O. R. G. A.), un de cujos postulados era a autonomía de Galiza. N-ela enroláronse moitos nazionalistas. A propaganda republicana entón encomenzada fíxose a base de autonomismo e federalismo.

**Pacto de Barrantes**  
 Outros políticos de varios partidos monárquicos constituíron en 1929 un agrupamento que tamén levaba a autonomía galega como base. Era unha sorte de alianza, na que entraron tamén os nazionalistas e mais a Orga. Chamouse pacto de Barrantes por siñarse no Pazo d-iste nome. Intensificada a campaña republicana, principalmente baixo o Goberno Berenguer, aquela alianza quedou esquecida.

**F. R. G.**  
 En troques, a Orga chegou a constituir unha federación dos partidos republicanos de Galiza, facéndolles aceptar a autonomía.

Cando se chegou ao acordo das forzas republicanas e socialistas de España, os republicanos galegos tiveron un representante: O Sr. Casares Quiroga, que no sonado Pacto de San Sebastián puxo como condición que a Galiza habíaselle de conceder tanto, e non un punto menos, de que se lle concedera a Catalunya. D-alí saíu a revolución abortada en Jaca.

**A 2.ª República**  
 Proclamada a República, o Sr. Casares Quiroga entrou no Goberno provisional como representante das aspiracións de Galiza, e como tal continuou no ministerio, en canto chefe da minoría galega nas Cortes Constituintes.

**O Partido Galeguista**  
 Os agrupamentos nazionalistas colaboraron na propaganda republicana e nas eleccións municipais que trouxeron o troque de réxime. Nas eleccións pra Cortes Constituintes, obtiveron tres postos. Despois reconstituíron a súa unidade, orgazándose como partido político que tomou o nome de Partido Galeguista.

**Autonomía**  
 Axiña encomenzaron a propaganda pol-a autonomía, apesares das dificultades que pro o seu conqurimento puña a Constitución da República: A autonomía d-unha rexión ten primeiro que ser votada pol-as dúas terceiras partes dos Concellos que a compoñen, e logo n-un plebiscito no que teñen que votar a favor o 20 por 100 dos electores inscritos no censo. O número de electores foi aumentado considerábelmente pra a votación das Constituintes ao rebaxal-a idade electoral, e, ademais, pol-a concesión do voto a muller. A movilización d-unha tan formidábele masa electoral n-un país como Galiza de intensa emigración e de poboación espallada con malas comunicacións é d-unha dificultade casi insuperábele.

**O Estatuto**  
 Non embargante, por acordo das Corporacións, Entidades e Partidos, elaborouse un Estatuto autonómico que foi aprobado, principalmente polo patriótico esforzo do Concello santiagués, pol-a casi totalidade dos Concellos galegos, en número moi superior ao que a Constitución exige, na importante Asamblea celebrada en Compostela perante os días 19, 20 e 21 de nadal de 1932; asamblea na que, por riba das habilidades da política centralista, se manifestou de maneira vibrante un rexo sentimento de galegitude.  
 O Partido Galeguista, anque disconforme coa pouca extensión que n-iste Estatuto se daba á autonomía, aceptouno como programa mínimo. Tal Estatuto está hoxe pendente de ser sometido a plebiscito.  
 Atal é o estado actual do problema autonómico.

### Agrupamentos nazionalistas

O movemento de reivindicación galega conta hoxe cos seguintes electores.

**No orde político**  
 A) Na orde política:  
 O Partido Galeguista, con organizacións en todo o País, tres deputados nas Constituintes españolas, representantes en moitos Concellos, e perto de 3.000 afiliados. Dispón de tres semanarios.  
 As Mocidades Galeguistas, filiales autónomas do Partido, con organizacións tamén por todo o País e perto de 500 afiliados.

O Agrupamento de Vanguardia Nazionalista, arredado do Partido Galeguista e de senso máis avanzado n-algúns ordes. Conta con un jornal.

A Agrupación Nazionalista Republicana Galega, de Bos Aires, incorporada ao Partido Galeguista.

A Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, adhada tamén ao P. G.; con un semanario.

A Sociedade Nazionalista Ponal de Bos Aires, de caraire francamente arredista, que publica mensualmente un jornal, e da que están en formación algúns núcleos na Galiza.

**No orde cultural**  
 B) Na orde cultural e patriótico:  
 O Seminario de Estudos Galegos, coas súas seccións de Ciencias, de Historia, de Etnografía, de Prehistoria, de Literatura, de Arte, de Arqueología, de Ciencias jurídicas i-económicas. Ten publicado, ademais dos seus importantes «Arquivos», numerosos traballos.

A Academia Galega, adicada principalmente aos estudos históricos. Publica un «Boletín» e coleccións de documentos.

A Sociedade de Amigos da Arte de Santiago.

A Sociedade de Amigos da Paisaxe de Ferrol.

A revista mensual de cultura galega «Nós».

O boletín católico mensual «Logos».

A organización de Mocidade «Ultraya», con 2.000 rapaces afiliados.

Diversas agrupacións artísticas, principalmente corales, adicadas ao cultivo dos cantos populares.

O agrupamento de Estudantes Universitarios.

**No idioma**  
 C) En col do idioma galego:  
 Hay publicadas as gramáticas de Mirás, Saco e Arce, Lugo Freire, A. C. e García de Diego; os traballos de Couceiro Freijomil e outros; os dicionarios galego-casteláns de Couceiro Piñol, Valladares, Carré Alvarellos, e o da Academia Galega (incompleto). Recentemente, publicouse tamén o Vocabulario castelán-galego das Irmandades da Fala.

**Na Historia**  
 D) En col da historia de Galiza: Hay as obras de Vicetto, Murguía e López Ferreiro, e de caraire popular, as de Vaamonde Lores e Ramón Villar Ponte.

E) En col de nazionalismo e de política:  
 Os escritos de Murguía, Brañas, Antón Villar Ponte, Risco e un bo número de folletos.

**Conclusións derradeiras**  
 En resume:  
 O nazionalismo galego proclama a existencia de Galiza como unha nazón diferenciada, con todas e cada unha das características eisclusivas devanditas.

Afirma a capacidade do Pobo galego para o desenvolvemento d-unha cultura propia, difrente da domiñante na Hespaña.

Afirma a capacidade económica de Galiza para sostel-a súa vida autónoma e o seu desenvolvemento cultural.

**POL-O TANTO:**  
 RECRAMA para Galiza os dereitos plenos pe nazón, en completa soberanía para a usanza que ha facer d-iles; sin perxuízo de que circunstancialmente poida renunciar a algúns, ven sexa para convivencia coas demais nazionalidades hispánicas e para o sosteñimento de intereses comúns baixo una dirección única, ben pra o cum-

### NÓS E ÍL

#### EXPLICACIÓN INNECESARIA

Algúns lectores de boa fé, dinnos se non sería mellor suprir dos nosos comentarios ao Ambrosio. Pensan íles que non é merecente o tal aventureiro de captar unha parte xiquera das nosas preocupacións e que o Galeguismo non ten costume de quedarse na anécdota, porque a súa aitividade adoita aplicarse a todos aqueles postulados de doutrina que alumean o seu camiño.

De acordo. Mais temos de declarar —sería rigurosamente perciso?— que o personaxe que por eiquí se banquetea a cotío nin denantes, nin agora, nin endexamáis, constituíu pra nós un motivo de preocupación. De divertimento, cecais. A vida sería d-abondo tristeira, si de cando en cando non xurdiran estes tipos pintorescos, tan doados sempre pra alegrala.

Esto pol-o que á nosa publicación se refire. Pol-o que fai aos galeguistas, temos que facer unha declaración, á que queremos darlle a maior solemnidade. Velaeiquí. O home dos bigotes profusos, da cabeleira entintada, da vida azarosa e turbia, da groseira integral e do caleite desalugado, é pra nosa propia existencia tan indispensable coma o oxixeno pra os pulmóns. Vala ista confesión por todo o que valera. A nosa desgracia peor sería que o ex-tenente alcalde de Barcelona morrese, cousa que de ningunha maneira desexamos, tanto pol-o noso senso de humanidade coma pol-o instinto de conservación.

En segredo, non temos máis remedo que recoñecer que os modos personás e políticos do *alter ego* de March fixeron, están facendo, máis galeguistas que un cento de mitins e milleiros de manifestos. É o noso propagandista. Se algún día—cousa que Deus non queira—o fino comensal de tanta comilona tumultuosa, se retirase da política, o Galeguismo tería que ir a pedirlle de xionllos que voltase a aitar. E se isto non fora posíbel, nós, coa anguria do caso, teríamos que ir en procura de modestos sustitutos no seu propio berce. Con unha desventaxa: a de que, entón, a subvención sería pol-a nosa conta, naméntas que agora corre a medias entre o país e March, e que nunca, nunca ¡ay! topariamos un exemplar que poidera asemeillarse siquiera ao modelo.

Sirva iste abrise do noso peito, de explicadeira fundamentada aos lectores de boa fé.

plimento de compromisos internacionais. Non se trata, polo tanto, de crebar toda relación co estado hespañol, nin de unha absoluta e soberana independencia senón de eisigirle as garantías necesarias para o desenvolvemento nazional de Galiza.

RECRAMA o respecto para todas e cada unha das características diferenciadas da nazón galega: a libre usanza do idioma, o seu ensino e o da nosa historia, literatura e tradicións; a substancialidade oficial do noso dereito e dos nosos costumes.

RECRAMA o dereito a gobernarse por sí mesma nos seus intereses propios e privativos, sen limitación de ningunha caste, e persoalidade para tratar co Estado hespañol as fórmulas de convivencia e mais o relativo a os intereses comúns dos pobos hispánicos.

RECRAMA o pleno goberno da súa economía interior e a defensa e protección dos seus intereses materiás, con mais amplia liberdade, ainda con diteto a contratar comercialmente con países estrangeiros.

Veleiquí as eisigencias indispensables para a vida da Nazón galega, para a vida do Pobo galego, a base das cales os nazionalistas non terían por qué negar ao Estado hespañol unha lealtade que Galiza lle gardou sempre, ainda con grave sacrificio a dos seus intereses.

Se estes non tiveran sido tan sistemáticamente descoñecidos, non sería tan grave iste problema, que os nazionalistas desexan resolver por enteiro en armonía co Estado hespañol.

Galiza, para Berna, no mes de setembro do 1933.

## Follas Novas

### Alento

Co título de «Alento» acaba de publicarse en Santiago unha revista «de estudos políticos», según reza o subtítulo, que fan un grupo de nazionalistas.

Os números 1 e 2 da mesma, aparecen n-un mesmo tomo de 32 páxinas, en coarto, bastante ben editado, e co seguinte sumario: Primeiras verbas.—Galiza n-un libro catalán.—Nazionalismo galego (V. Risco).—Poliorama de Triple Alianza (Del Riego).—Cataluña e a Lei de Cultivos.—Diario d-un viaxe de nazionalistas: Galeuzca (A. das Casas).

As cousas de redacción—cuia orientación, de pura ortodoxia nazionalista, compartimos—son floxiñas. Os artigos firmados, todos moi bos (especialmente o de Vicente Risco que pensamos reproducir), aínda que o de Alvaro contén bastantes erros e apreciacións claramente trabucadas que lle restan valor na intención de referencia histórica que persigue.

Celebraríamos que os autores tivesen constancia pra levar adiante a obra que emprenderon, pois ven a encher un valeiro na produción galega.

### Nó s

Recibimos o número 124 d-ista magnífica revista de cultura galega.

O número, consagrado na súa casi totalidade ao malogrado irmán Xurxo Lourenzo, é un dos mellores que «Nós» leva publicado n-istes derradeiros tempos.

Ademais d-un retrato a toda plana do chorado irmán, contén iste número o seguinte: Lembranza de Xurxo Lourenzo, pol-a REDACCIÓN.—X. Lou-

### Política "radical"

## Reseña d-unha Asamblea exemplar

A gracia é un don humano por natureza. Pero tamén a teñen os «radicales» de Pontevedra.

A derradeira Asamblea celebrada entrañaba en todol-os seus aspectos un senso de xocundo *humour* tan fondo, que coído non ter lido folla máis característica que a páxina de «El Pueblo», onde ven reseñada.

Non hai máis que figurarse o cónclave, formado por un e pico de cardeás. Os bigotes presiden. O cardeal que enumeramos é «El Emiliano», que, deixando atrás a Sterson e a todol-os desdobreiros de persoalidades, é capaz de desdobrase en catrocentos comensás ou en tres mil asambleístas.

A Raimundo Lulio condenaron por probar con catro argumentos a eisistencia de tres persoas nunha só natureza divina. Eu probaría a de moitas máis, hipostasiadas nunha só natureza emiliana. ¡É cousa grande «el Emiliano»! É o gran Polimurti occidental, señor da vida e da morte, que todol-os mortales sentimos en nós por esencia, presenza e potencia, forma e figura de gobernador ou de alcalde, e que todol-as mañáns comungamos devotos nas páxinas da prensa vaguesa.

Na famosa Asamblea desdoubrouse

renzo Fernández, por V. RISCO.—Xogador de «porca». DESENO DE XURXO (a toda plana).—Notas de meu diario arqueolóxico, por XURXO.—Mitteleuropa, por V. RISCO.—Arquivo filolóxico i-etnográfico.

Todol-os Grupos e irmán deben subscribirse á Revista «Nós», a mais importante de cantas se publican na nosa lingua, dirixíndose á Editorial «Nós», rúa do Vilar, 15, Santiago.

Precio de subscripción, 6 pesetas ao ano. Pago adiantado.

### Diccionario Galego

Foinos remitido un exemplar da segunda edición do Diccionario Galego de Carré a que fai referencia o anuncio que publicamos n-outro lugar.

Contén mais de 16.000 verbas, escollidas con moito tino e coidado, pol-o que resulta un instrumento de traballo do mais grande utilidade.

A súa consulta é indispensable pra cantos cultivan a nosa lingua.

### Logos

No seu número 42, que sigue ao que publicou como homeaxe ao Arzobispo Lago, trai o seguinte sumario: Letras de Loito: O Cardeal Fco. de Echole, por P. L. G. Canedo (O. F. M.).—Estampas Composteláns, por Xesús Carro.—A espiritualidade dos cancioeiros, por P. G. Placer (O. de M.).—A ermida de Cheas, no Riveiro, por A. de las Casas.—Novas da nosa Galiza, por S. A.

«Logos» editase en Pontevedra, Casa Antérez.

N-ela cultivase un senso comprensivo da catolicidade e da nosa Patria, que ten de merecer a simpatía de todol-os bos galegos.

en trinta comités parroquiás, en corenta alcaldes, en doce xestores e medio i-en non sei cantos diputados a Cortes. Ergueuse a falar, e falou canto quixo. Hasta que cansou. ¡Qué lástima que non se recollese o seu discurso en discos baratos para os nenos da escola!

Por fin pediu algo así como un anello pra o dedo do corazón da súa man dereita, que é o gobernador da Provincia. Pediu que se lle dese un voto de gracias pol-a labor que está desenrolando, tanto política como social.

(Ista labor, como se sabe, está reducida á destitución dos concellos de Lalín, Lavadores, Marín, Vilagarcía; a un sinnúmero de multas e á presidencia de dúas ou tres cuchiñandas.)

Por unanimidade de todol-os agraciados foi feito o que se pedía. ¡Era moita labor!

Por fin rematouse a festa, e a *xente* foise despedindo a recúas.

—«Disimule D. Emiliano, e que por moitos anos!—Deus nos día gozo do ben, e si estas son guerras que nunca se acaben!—E os nosos nemigos que non entren nelas!»

¡El Emiliano, foncho, bazuncho e lá cardada, despedía-os a todos: «¡Allons, enfants de la Patrie!»

I. A.  
 Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra

**DICCIONARIO GALEGO**  
 Galego-Castelán e Castelán-Galego  
 POR  
**LEANDRO CARRÉ**  
 MAIS DE 16.000 VERBAS.  
 SEGUNDA EDICIÓN.— 8 PESETAS